



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN01	Audioloxía protésica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0204	Atención á persoa hipoacúsica	2024/2025	0	107	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ABIGAIL FERNÁNDEZ DA SILVA, LAURA PRADO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Detecta actitudes e estados emocionais na persoa con perda auditiva aplicando principios básicos de psicoloxía xeral.
RA2 - Informa a comunidade educativa dos nenos e das nenas con perda auditiva, e describe modelos e pautas de actuación.
RA3 - Establece comunicación con pacientes con xordeira aplicando sistemas de comunicación complementarios ou alternativos á comunicación oral.
RA4 - Intervén nos equipos interdisciplinares de prevención, asistencia e rehabilitación de perda auditiva, e recoñece as súas funcións.
RA5 - Informa a persoa usuaria e descríbelle o plan de adaptación protésica.
RA6 - Elabora diferentes tipos de documentación utilizada en audioloxía protésica, manexando aplicacións informáticas de xestión.
RA7 - Elabora informes audioprotésicos, para o que selecciona os datos técnicos e clínicos salientables.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense as actitudes e os estados emocionais ligados á perda auditiva.
CA1.2 Clasifícanse e descríbense as características psicosociais, afectivas e de conduta máis habituais no cativo ou na cativa con hipoacusia, e na súa familia.
CA1.3 Descríbiuse o perfil das persoas en idade adolescente con deficiencia auditiva, e a súa relación co entorno.
CA1.4 Descríbense as características das persoas adultas con perda auditiva, e a súa relación co entorno.
CA1.5 Descríbiuse o perfil psicosocial e psicoafectivo das persoas de idade avanzada con perda auditiva.
CA1.6 Seleccionáronse as actuacións de apoio psicolóxico e de atención á persoa con perda auditiva e á súa familia.



Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Identificáronse os problemas de aprendizaxe en cativos e cativas con perda auditiva.
CA2.2 Definíronse as opcións comunicativas na educación para este sector da poboación, e describíronse os modelos para a súa integración educativa.
CA2.3 Describíronse as situacións sociolingüísticas dos nenos e das nenas con xordeira con pai e nai xordos, e as dos nenos e as nenas con xordeira de pai e nai oíntes.
CA2.4 Identificáronse plans de actuación para o aproveitamento dos restos auditivos e o desenvolvemento da lingua oral en cativos e cativas con xordeira.
CA2.5 Describíronse as pautas de relación con profesionais con implicación na atención educativa.
CA2.6 Demostrouse interese na colaboración co sistema educativo.
CA3.1 Clasificáronse os sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.
CA3.2 Identificáronse os fundamentos e a metodoloxía de cada sistema.
CA3.3 Describíronse aplicacións informáticas para a comunicación.
CA3.4 Identificáronse os sistemas de comunicación usados pola persoa usuaria.
CA3.5 Utilizáronse os elementos básicos de cada sistema.
CA3.6 Demostrouse interese por brindarlle información accesible á persoa usuaria.
CA4.1 Identificáronse os niveis de prevención, asistencia e rehabilitación auditiva no sistema sanitario de Galicia, no ámbito público e privado
CA4.2 Utilizouse a terminoloxía axeitada.
CA4.3 Describiuse a clasificación da discapacidade auditiva.
CA4.4 Definíronse as áreas de intervención no programa de prevención, asistencia e rehabilitación do cativo ou da cativa, e da persoa en idade adulta.
CA4.5 Detalláronse os compoñentes dos equipos interprofesionais.
CA4.6 Identificáronse as funcións de cada profesional nos programas de prevención, asistencia e rehabilitación.



Criterios de avaliación do currículo
CA4.7 Describíronse as pautas de participación e colaboración cos equipos interprofesionais.
CA4.8 Demostrouse cordialidade, amabilidade e actitude positiva, conciliadora e sensible.
CA5.1 Planificouse o proceso de atención á persoa usuaria
CA5.2 Identificáronse aspectos emocionais ante a adaptación dunha prótese auditiva.
CA5.3 Describíronse técnicas comunicativas no proceso de información.
CA5.4 Aplicouse a técnica comunicativa en función das actitudes e dos estados emocionais detectados.
CA5.5 Describiuse a secuencia do proceso de adaptación.
CA5.6 Definíronse as instrucións de uso e de mantemento da prótese ou da axuda técnica auditiva.
CA5.7 Elaborouse o plan de seguimento da persoa usuaria.
CA5.8 Demostrouse interese e preocupación por atender as necesidades das persoas usuarias e de quen as acompañe.
CA5.9 Demostrouse cortesía, respecto e discreción.
CA5.10 Identificáronse os factores que determinan a calidade na prestación do servizo, e avalíouse esta.
CA6.1 Explicouse a estrutura e o contido da documentación clínica.
CA6.2 Describíronse os sistemas de arquivo para documentos e resultados das probas.
CA6.3 Describíronse as aplicacións informáticas na xestión.
CA6.4 Manexáronse bases de datos de pacientes incorporando as citacións, probas, adaptacións protésicas e revisións.
CA6.5 Describiuse a lei orgánica de protección de datos.
CA6.6 Aplicáronse sistemas de codificación sanitaria aos datos contidos na documentación.



Criterios de avaliación do currículo
CA7.1 Definíronse as características dos informes audiolóxico-protésicos.
CA7.2 Identificáronse os datos pertinentes.
CA7.3 Utilizouse a terminoloxía técnico-sanitaria axeitada.
CA7.4 Redactouse o informe en función da avaliación da perda e dunha proposta audioprotésica.
CA7.5 Seleccionouse o formato de presentación dos datos.
CA7.6 Definíronse as canles de transmisión da información.
CA7.7 Informouse con claridade e dun xeito ordenado, estruturado e preciso.
CA7.8 Seguiuse o protocolo que garanta o segredo profesional.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Detecta actitudes e estados emocionais na persoa con perda auditiva aplicando principios básicos de psicoloxía xeral.
RA2 - Informa a comunidade educativa dos nenos e das nenas con perda auditiva, e describe modelos e pautas de actuación.
RA3 - Establece comunicación con pacientes con xordeira aplicando sistemas de comunicación complementarios ou alternativos á comunicación oral.
RA4 - Intervén nos equipos interdisciplinares de prevención, asistencia e rehabilitación de perda auditiva, e recoñece as súas funcións.
RA5 - Informa a persoa usuaria e descríbelle o plan de adaptación protésica.
RA6 - Elabora diferentes tipos de documentación utilizada en audioloxía protésica, manexando aplicacións informáticas de xestión.
RA7 - Elabora informes audioprotésicos, para o que selecciona os datos técnicos e clínicos salientables.



2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense as actitudes e os estados emocionais ligados á perda auditiva.
CA1.2 Clasifícanse e descríbense as características psicosociais, afectivas e de conduta máis habituais no cativo ou na cativa con hipoacusia, e na súa familia.
CA1.3 Descríbese o perfil das persoas en idade adolescente con deficiencia auditiva, e a súa relación co entorno.
CA1.4 Descríbense as características das persoas adultas con perda auditiva, e a súa relación co entorno.
CA1.5 Descríbese o perfil psicosocial e psicoafectivo das persoas de idade avanzada con perda auditiva.
CA1.6 Seleccionáronse as actuacións de apoio psicolóxico e de atención á persoa con perda auditiva e á súa familia.
CA2.1 Identifícanse os problemas de aprendizaxe en cativos e cativas con perda auditiva.
CA2.2 Defínense as opcións comunicativas na educación para este sector da poboación, e descríbense os modelos para a súa integración educativa.
CA2.3 Descríbense as situacións sociolingüísticas dos nenos e das nenas con xordeira con pai e nai xordos, e as dos nenos e as nenas con xordeira de pai e nai oíntes.
CA2.4 Identifícanse plans de actuación para o aproveitamento dos restos auditivos e o desenvolvemento da lingua oral en cativos e cativas con xordeira.
CA2.5 Descríbense as pautas de relación con profesionais con implicación na atención educativa.
CA2.6 Demostrouse interese na colaboración co sistema educativo.
CA3.1 Clasifícanse os sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.
CA3.2 Identifícanse os fundamentos e a metodoloxía de cada sistema.
CA3.3 Descríbense aplicacións informáticas para a comunicación.
CA3.4 Identifícanse os sistemas de comunicación usados pola persoa usuaria.



Criterios de avaliación do currículo
CA3.5 Utilizáronse os elementos básicos de cada sistema.
CA3.6 Demostrouse interese por brindarlle información accesible á persoa usuaria.
CA4.1 Identificáronse os niveis de prevención, asistencia e rehabilitación auditiva no sistema sanitario de Galicia, no ámbito público e privado
CA4.2 Utilizouse a terminoloxía axeitada.
CA4.3 Describiuse a clasificación da discapacidade auditiva.
CA4.4 Definíronse as áreas de intervención no programa de prevención, asistencia e rehabilitación do cativo ou da cativa, e da persoa en idade adulta.
CA4.5 Detalláronse os compoñentes dos equipos interprofesionais.
CA4.6 Identificáronse as funcións de cada profesional nos programas de prevención, asistencia e rehabilitación.
CA4.7 Describíronse as pautas de participación e colaboración cos equipos interprofesionais.
CA4.8 Demostrouse cordialidade, amabilidade e actitude positiva, conciliadora e sensible.
CA5.1 Planificouse o proceso de atención á persoa usuaria
CA5.2 Identificáronse aspectos emocionais ante a adaptación dunha prótese auditiva.
CA5.3 Describíronse técnicas comunicativas no proceso de información.
CA5.4 Aplicouse a técnica comunicativa en función das actitudes e dos estados emocionais detectados.
CA5.5 Describiuse a secuencia do proceso de adaptación.
CA5.6 Definíronse as instrucións de uso e de mantemento da prótese ou da axuda técnica auditiva.
CA5.7 Elaborouse o plan de seguimento da persoa usuaria.
CA5.8 Demostrouse interese e preocupación por atender as necesidades das persoas usuarias e de quen as acompañe.



Criterios de avaliación do currículo
CA5.9 Demostrouse cortesía, respecto e discreción.
CA5.10 Identificáronse os factores que determinan a calidade na prestación do servizo, e avalíouse esta.
CA6.1 Explicouse a estrutura e o contido da documentación clínica.
CA6.2 Descríronse os sistemas de arquivo para documentos e resultados das probas.
CA6.3 Descríronse as aplicacións informáticas na xestión.
CA6.4 Manexáronse bases de datos de pacientes incorporando as citacións, probas, adaptacións protésicas e revisións.
CA6.5 Descríbiuse a lei orgánica de protección de datos.
CA6.6 Aplicáronse sistemas de codificación sanitaria aos datos contidos na documentación.
CA7.1 Definíronse as características dos informes audiolóxico-protésicos.
CA7.2 Identificáronse os datos pertinentes.
CA7.3 Utilizouse a terminoloxía técnico-sanitaria axeitada.
CA7.4 Redactouse o informe en función da avaliación da perda e dunha proposta audioprotésica.
CA7.5 Selecionouse o formato de presentación dos datos.
CA7.6 Definíronse as canles de transmisión da información.
CA7.7 Informouse con claridade e dun xeito ordenado, estruturado e preciso.
CA7.8 Seguiuse o protocolo que garanta o segredo profesional.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos Exixibles:

Son mínimos exixibles todos os CA que figuran na programación como tal.

Criterios de Cualificación:

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio, é necesario acadar un 50% da puntuación posible para acceder á segunda parte da proba. Puntuarase de 1 a 10.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte da proba, de xeito automático, ao non poder acceder a persoa aspirante á segunda parte da proba.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, por no acadar un 50% da puntuación posible (tamén 10, coma a primeira parte), a puntuación máxima que poderá asignarselle como nota final, será de catro puntos.

A nota final será a media aritmética de ambas probas en número enteiro, redondeado á unidade máis próxima.

O equipo docente poderá excluír de calquera parte das probas ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento, ou incumpra as indicacións do profesor/a para a realización da proba, ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade que poidan implicar, a criterio da profesora, algún tipo de risco para sí mesmas, para o resto do grupo, para o persoal do centro ou para as instalacións,

durante a realización das probas, ou como preparación a éstas.

Neste caso, a profesora comunicará á persoa aspirante a súa exclusión da proba e cualificará esa parte da proba do módulo como non superada (suspensa).

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A proba teórica terá carácter eliminatorio, e consistirá en preguntas tipo test e/ou cuestións de resposta curta para desenvolver pola persoa aspirante, que versarán sobre unha mostra significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As preguntas poderán versar nalgúns casos sobre láminas, gráficos, fotos ou outras imaxes, impresas na proba ou proxectadas, así como sobre modelos anatómicos ou similares.

As preguntas tipo test poderán ser de resposta única, múltiple ou verdadeiro/falso, puntuando de xeito negativo aquelas respostas incorrectas, restando un 33% da cualificación das que responda correctamente.

As non respostadas non descontarán.

Esta primeira parte da proba cualificarase de un a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.



Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro.

Non se permitirá o uso de móbiles. De feito a persoa aspirante só terá a súa disposición aqueles elementos necesarios para a realización da proba ou aqueles que a profesora lles indique como permitidos.

Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte.

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda parte, que tamén terá carácter eliminatorio. De nos superarse, a nota final non poderá ser máis de catro.

4.b) Segunda parte da proba

Poderá consistir en algún ou varios dos seguintes tipos de probas:

- Realizarase a defensa dunha proba práctica ou teórica-práctica que versará sobre unha mostra significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
- Exposicións orais.
- Proba práctica ou Supostos prácticos teóricos escritos.

Esta segunda parte da proba poderá cualificarse de un a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro.

O alumno deberá asistir a proba cun bolígrafo azul ou negro.

Nas láminas e imaxes, de haber, poderán empregarse lapis de cores para a mellor definición das mesmas.

Non se permitirá o uso de móbiles. De feito a persoa aspirante só terá a súa disposición aqueles elementos necesarios para a realización da proba ou aqueles que o profesor/a lles indique como permitidos.

Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte.